

# A·ROSA·TERRA

## BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN  
Na CRUÑA ó més, 48 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.  
Custo d'un número, 15 cts. América id... 2 ptas.  
PAGO ADIANTADO

NUMERO 117

NA CRUÑA 10 DE ABRIL DE 1920

Redacción e Ademinstación:  
PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO  
(Irmandade da Fala)

### Do cursillo de conferencias nazonalistas na Exposición Castelao

## A fermosa disertación de Viqueira

### Divagaciós engebristas

I

#### Duas verbas

Querendo corresponder ao honor que se me fixo invitando-me a falar dende esta tribuna que ten tan groriosa historia e pola que pasaron tantos espíritos seleitos e grandes oradores, afellas que meditei moito. Houben de renunciar por no hachar-me con forzas d'abondo; mais créndo que debía pôr o que poidera da miña parte sempre na obra da renascenza galaica, fixen un esforzo e tratei de decir algo; este algo son as presentes divagaciós engebristas.

Despois da interesante conferencia do señor Risco onde nos espuxo con tanto coñecimento de causa a arte novad espois das verbas de mestre de Castelao sobre das suas propias obras, despois de todo esto, que poderei contarnos? Pol-o que deixando de lado un traballo de crítica p'ra o que non estou chamado pois confeso que p'ra elo non sei dabondo (e crítica só podía ser unha comprensión fonda da obra de Castelao tal como a fixo el mesmo e o señor Risco) falarei-vos agora dalgunhas cousas que estes «poemetos gráficos» aquí espostos me sugiren; presentarei-vos a falla de cousa mellor unhas divagaciós un pouco derreadas, un pouco bretameras. Por desgracia hoje non podo dar otra cousa.

E perguntaredes-me d'onde ven ese «engebrista»? Inventeán-o eu pr'a expresar algo así como a tendencia total do meu espírito que s'espon nas liñas seguintes. Engebrista e o que engebrista o que fai a engebridade. Nós que fa-

memos o que é engebre, a engebridade, elaborando a materia que nos presenta a nosa alma somos en fin de contas ade más de todos o en «istas» que queirades engebristas e engebristas por riba de todo.

II

#### A obra de Castelao

Despois d'este curto prólogo vamos as obras de Castelao, partida das mías divagaciós d'hoje Todos istes dibujos que tendes diante son pequenos poemas, ou poematos, rejos, valentes cada un d'eles admirabel como obra d'arte. Todos eles expoñen a vida de Galicia tan admirabelmente que podían levar un nome só e este seu título seria: Nai Galicia». Eis porqué Castelao é noso, tan noso, porque a sua obra identifíca-se con Galicia mesma de maneira que falar d'él e falar de Galicia. E así veredes nestas miñas divagaciós cantas cousas estos poematos din-me.

III

#### Lirismo

Cal e o ser da alma galaica que s'amoxstra na obra de Castelao? N'ela hacharemos o esencial d'aquela por que a sua modalidade é engebramente galega. Cal e pois o que poderíamos chamar a feitura mental engabemente galega ou dito d'outra maneira cal é a nosa alma? Ise un capítulo de psicología d'os poemas, capítulo ainda non traballando e p'ra que mancan-nos ainda os datos! Camiñaremos pois n'el mentres non reunan-se os documentos precisos, sobre un chan insseguro, non sobre cimentos inmóveis! Traballo d'exploración e o

que fai falla e d'análisis. Mentre só poderemos falar da vaguedades, d'imprexis, mais de todos geitos un rasgo apresenta-se com'un motivo esencial da nosa alma; este rasgo e ao meu ver el lirismo! Mais que é lirismo? Porque agora non se fala de poesía lírica com'un género literario. Lirismo é algo mais fondo, mais radical, lirismo e unha propiedade da alma. Pode que na nosa vida interior exista unha tendencia, en certa maneira, a vivir nas formas perceptivas narrativas, nas construções definidas lógicas das cousas que vemos e pensamos. Daquela, o mundo todo e esdrallo esquemático, e nós somos o que se chama apegados a práctica. Pode tamén que tendamos a nos recollermos en nos mesmos, e tan fondo da nosa alma que as cousas n'ela van como perdendo a sua realidade esterna, e esvan en puro sentimento arelante. Estas duas formas d'actividade consciente teñen o seu senso racial. A primeira é objetivista e leva no arte a unha dirección realista externa, narrativa ou épica; a segunda é lírica (lirismo puro) idealista, criadora, música e lírica poética. A primeira é a alma de Castelao, a segunda constitutiva alma musical de Portugal e Galicia, que nos leva en reminiscencias no mais aló dos tempos) a nosa raza céltica. (Eu fixei esta comparanza ibérica somente para pôr mais craro o meu punto de vista non por outra cousa cousa ja que toda comparanza fai-se odiosa). Deste lirismo falei eu cando ainda non coñecía o pensamento de Teixeira Pascoaes, ilustre poeta portugués contemporáneo e fundador do «saudosismo» e decer d'unha exaltación do lirismo literario e poe de que vital (ja vos direi algo mais adiante). Nesto Teixeira hachou na alma de Portugal, como en na alma de Galicia (mais próximas a unha da outra do que se crê) como elemento predominante o lirismo. Mais o que é propio de Teixeira Pascoaes é a sua teoría peculiar ja que este momento lirico está recoñecido polos mais d'os escritores portugueses e moihas veces assim

por Lopes Vieira e Sardinha. Ese elemento lírico non foi tan recoñecido e afirmado en Galicia o que é preciso que se faga p'ra non perdermos o verdadeiro camiño de desenvolvimiento da nosa alma colectiva. A historia fala en favor seu (ja que os seus cultores literarios o indican). Todos sobedes que durante a Idade Meia fumos os líricos da Península que até os poetas castelás escribían no noso idioma a sua lírica. Nos derradeiros tempos cando se quixo buscar un elemento popular na lírica antiga de Castela houberon de se contentar con pequenas reminiscencias! E despoxos de tanto tempo e de tanta opresión ideal o noso lirismo renasce sempre de novo: nos tristes séculos XVI e XVII, p'ra chegar no XIX con Rosalía de Castro até a ter unha significación de precursor p'ra outros movimentos poéticos d'Espanha e hoje entre tanta manifestación artística continuamos sendo liristas, continuamos pintando ou escribindo poesía, sendo líricos. Volvendo a Teixeira Pascoaes: despoxos d'eu meditar sobre do noso lirismo, fun dar ao lirismo portugués e atopeime con Teixeira Pascoaes. Lein-o e vin que nos dous chegábamos ao mesmo resultado; mais ainda, os dous chegábamos a expresar n'unha mesma verba o lirismo d'os nosos povos e esta palabra é «saudades» ou «soidades»! Saudade e lirismo puro, sentimento esvaido en pura arela ou tendencia.

Eu alma saudosa amo tolamente estas saudades que son o mais deleitoso na vida! Até n'un certo punto poida que teñan un valor metafísico! Mais deixemos agora estas filosofías. Hay unha antiga lenda nosa (para algúns d'orige céltico) que expresa o noso lirismo, saudosismo ou musicalismo. E ista lenda a do monge e aquel cantor d'os ares que se chama o rousinol. Un monge que moraba n'os campos (un monge poeta certo) un día a escismar, pensou: como será o paraíso? A Nosa Señora ordenou entón unha milagre envolvente de todo o seu encanto celeste. O bon monge ouvíu logo un paxariño, cantando en tan bon son, que recollido n'un delicioso extasis, estivo un tempo que lle non pareceu mui longo. Calou o paxaro; o monge voltou para o seu mosteiro e con grande asombro seu, atopou-se que ninguén o ali coñecía, que todo mudara mentres escoitaba o canto soavísimo e macio do paxaro.

E era que o estivera ouvindo trescentos anos, que estivera en éxtasis musical trescentos anos! Aquel monge embriagado de música é un símbolo da nosa alma galega musical, soñando (ou viviendo intimamente que más da?) nas beiras rumorosas do Atlántico.

Decía-me un amigo meu negando que

os artistas galegos fosen boñemios: os artistas galegos têm alma de monge; certo digo eu ahora d'aquel monge que escoitou cantar o rousinol, d'aquel monge poeta! E certamente Castelao é d'elles porque seu arte é eminentemente lírico tanto que o seus dibujos son poemas líricos, cantos exaltados que ben se poideran comparar con vellas cantigas, que sempre eternas, fan-se agora emientemente cantigas do futuro, dun futuro grande e fecundo.

Eu non creio que ningúen da nosa raza poida ser feliz sen escoitar este rousinol divino. E canto non-o escoitaron ainda! Temos que facer un esforzo, temos que profundir en nos mesmos, chegar a mellor de nós, ao noso mellor Eu! Os esforzos individuais non abandonan; temos que vivir na comunión espiritual co'o noso povo e asín por unha reviviscencia colectiva poderemos reconquerir, o que é mellor en nós: o lirismo. Un exemplo que seguir é tamén o de Castelao que soubo chegar a alma d'os homes e das cousas da sua

chamada de justiza! Os dibujos de Castelao craman pois justiza, berran varadamente, sen eufemismo: revolta! Fixádevos!: Comezamos co's «escravos do fisco», traballando a dura terra, cansa de producir, baixo un ceo negro, vello sen esperanza algúns, penetrados d'efadiga! ¡Para qué? P'ra levaren despoxis, tristes pastores que non ouviron com'os de Belén a boa nova, o froito do seu traballo a quem os asovallo e os aldraja quizais n'unha filla querida, aos donos avaras a chuchar na sua sangu! A escola está podo que deserta; n'ela se «pega» e non s'adéprende; «heira que fede». Mais ou tristura con todo este o povo non canta todavía un himno de revolta e guerreiro, o povo non pide ja vendo que é inútil, nen pan nen libertade o povo emigra. E nós, os que vemos días e días esta triste emigración faceríamos un críme, ao non traballar p'ra a evitar se non fósemos por desgracia tan inconscientes! Algúns van en busca de pan, mais outros vanse porque non poden vivir ainda con pan, sendo escravos; algúns voltarán. ¡Cómo! P'ra morrer desfeitos por traballos e doenzas como aquel que dí: «Sabe meu pai eu non quería morrer alá!», tamén as veces, con lembranza do vello aldrache, dispostos a loitar con alma agre. (Mais para un que se salva cantos se non perden!) P'ra seren libres también fala Castelao artista aos galegos pois lles dí: a vos Galicia que amades ou inconscientes é triste e sofre mais podedel-a facer libre e grande!)

Arte non pode pecharse na sua torre marfin chegará a hora en que por falla de ar morra. O arte ten que vivir o ar libre, ao ar da vida, da vida real, ra ser arte.

O arte de Castelao é grande entre as cousas porque sabe traducir en todo o seu senso a miseria e a dor da galega d'hoje, porque sabe cantar bre destos tristes motivos como cantou Curros e Pondal un himno de revolta e libertade. E il, no nosa Galicia relembrá como ningúen o latejar da ala do mundo, e il nos trai como ningúen o poema heróico que está escribindo a humanidade na sua loita, por mais nobreza e ben ainda que tecido con angurias de crime e fame e que rematará co'a imprantación da aristocracia moral no mundo, co'a era da filosofía. O arte ten a alta misión d'espertar os espíritos durmientes. E na nosa terra fan falla moitos Castelaos. ¡Adiante mocidade!

## V

## Nacionalismo

O nacionalismo de Castelao é agre. Probabelmente de todos os elementos do seu arte o mais difícil d'enxerguer na sua realidade é o nacionalismo... Como

## TEORÍA DO NAZONALISMO GALEGO

POR

Vicente Risco

Libriño no prelo, que vai sair axiña á venda, e que deben lêr todolos galegos.

IMPRÉNTASE N'OURENSE

terra que soubo ainda mais, o que non está o alcance de todos, deixar, sobre uns poucos de papés esta alma. Cada momento do noso lirismo lateja en cada un do seus dibujos que por esto son tan líricos como cada poesía de Rosalía de Castro. E a cantiga eterna vai a través dunha gama sonorosa, dunha caricatura a outra cada vez mais grave, mais pungente e mais ergueita!

## IV

## Revolta

Eu ja dixen que os dibujos de Castelao eran un canto á vida; mais entenda-se coma se debe entender: a vida real e verdadeira. E tamén dixen que esta vida era ja de Galicia. Que pode ser un canto desta Galicia, desfeita, n'un renascer da loita, mais que unha

temos qu'entender aquí o nacionalismo! Nacionalismo é afirmación de toda causa nada nun povo: dos seus costumes, dos seus artes, da sua fala; e indo mais aló d'esta afirmación é progredir p'ra esta afirmación cada vez mais alta, mais grande. Algúns sinten que isto é unha regresión unha volta atrás ou unha rachadura perigosa! Como pode s'entender na sua verdadeira esencia o nacionalismo e pol-o tanto o de Castelao! En poucas palabras quero eu falar-vos agora desto.

Co'o comenzo do século XIX surdiu no pensamento humán o que se acostuma a chamar senso histórico. ¡Qué é o senso histórico? O coñecimento de que toda producción humá ou mellor de que toda existencialidade humá pol-o tanto a nación, ten o seu proceso histórico, desenvólve-se históricamente. O senso histórico val pois p'ra a vida de Galicia como p'ra a d'outro povo. E decer; Galicia con toda a sua cultura somente s'explica considerando-a nun desenvolvimento proguedente, n'unha superación no tempo. O senso histórico fai comprensiva toda forma humá e déixa-nos abranguer unha concepción universal da humanidade. Goethe decía n'unha poesía que leva por epígrafe, por certo, o título de «Moderno» o que sigue:

«Como pódese comparar Hans van Eyck con Fidias? Eu vos insino que debe s'esquecer un pol-o outro. Se considerásedes sempre un d'elles poderías ainda estimal-o? Asín é o arte, asín o mundo: cada cousa agrada en virtude das outras cousas».

Asín é o mundo é asín é o arte: evolución, proceso, reconoce Hegel que tensiona o expôr lógicamente.

A humanidade unha en idea desfai-se na sua realización en momentos concretos e individuaes. Individualidades que ven a coincidir en puntos centraes, naciós, que son os pontáes verdadeiros da cultura. Pois en derradeira instancia onde se basa, comercio, ciencia e outras actividades humáns senón nas naciós?

A humanidade p'ra cumplir todas as promesas que leva no seu seo, ou mellor ainda p'ra criar todo o que leva en potencia (poi santes de ser ondejar?) desfai-se en naciós. Ja a vida precisa p'ra ser do principio de individualización ou seja de ser como individuo ou concrecios de individuos. O mesmo principio é o da evolución humá que tamén é cósmica, e decer, unha parte do proceso universal. Como vedes o meu nacionalismo ten unha base cósmica e metafísica. A humanidade desfai-se en naciós porque precisa orgos. As naciós son pois orgos da humanidade. Elas fan todo o que é facedoiro en cada tempo. Non nun momento de tempo sa-

nón no se sucederen dos tempos. E aquí tamén, cada unha ten sua misión; e cando a sua misión fina, morre! Mais a misión de Galicia chega e por esto rexurde. S'é lei o se desfacer a humanidade en naciós e preciso por esto s'oporen entre si as naciós; d'eiquí os conflictos por veces, chegando até o sanguinento, até as duras verbas e os exclusivismos.

Mais a humanidade non poder ficar aquí na sua marcha; ten que ir alem, porque no seu seo radica a saudade d'armonia. A contraposición na multiplicidade das naciós ten-se que resolver n'unha nova unidade. E que pode ser esta unidade? Fixádevos ben e será-vos evidente: esta unificación non ha ser mais que a volta de todas as naciós a seo da humanidade mesma. Mais estas naciós non poden deixar o seu ser pois régen-se pol-a lei suprema da individualidade (todo, o que é, é como individuo). Como voltar pois a seo humán? Creando unha nova individualidade superior: a humanidade mesma, armonía das deiversas naciós.

Un exemplo o tedes no individuo humán. Un home que se desenvolve tamén históricamente non pode ser mais que como individuo, como tal home concreto no seu individualismo pol-o decer asin. El ten que ser tal ou cal individuo non pod ser nen seu pai nen seu irmão, nen seu amigo nem ainda, o amante se non pode facer un só ser o'a sua ben amada! (Os amantes quixeran ser somente un, con duas almas. E con con duas almas porque con unha, ou tristura, non poden vivir). Ser individuo é ser, é lei de ser; mais como sae o individuo de si mesmo, deste seu isolamento que ja as veces lle doi? E deixando de ser o seu propio ser? Non; é sendo él craramente. Nas mais grandes crises nas mais grandes oposicíos sinante o seu atage ideal c'os outros. E erguéndose sobre si, entrando en relacións c'os outros forma unha realidade superior; fundatamente na nación na primoramente, despox na humanidade. E asín como o individuo a nación que tamén é, procede. E non po entreterme mais neste.

Resumindo: o descoporamento en naciós é un momento capital no proceso da humanidade porque a nación é orga da humanidade neste proceso. A nación é pois esencial. Por esto pode calqueira juntar en si mesmo: o universalismo e o nacionalismo, e sendo nacionalista facer sua, con todas as suas consecuencias a sentencia antiga de Democrito que di que «a patria de un alma nobre é o mundo enteiro». Por eso pode ser, universalista (porque en calqueira momento da evolución espiritual se descobre a humanidade) e nacionalista ao mesmo tempo, nun sen-

so infinito e ontológico, en canto reconoce-se preciso p'ra a humanidade se facer en naciós, en proceso infinito, para cumplir a sua obra. D'este xeito é-se nacionalista primeiramente en Galicia mais despox tamén en Irlanda, Polonia, Egipto, en Finlandia ou Letonia pois a alma recorrendo o mundo entende necessariamente cada nación. Tamén eiquí ten a sua explicación o feito que ao mesmo tempo que co'a guerra actual surdían tantas novas naciós no mundo, se acentuase o movemento internacionalista. Nación é humanidade en termos correlativos.

Este é o nacionalismo cósmico e metafísico que vejo eu na obra de Castelao: Galicia ten que ser, debe ser porque é un momento esencial no progredir de humanidade.

Mais non abonda c'unha posición negativa. Non abonda c'unha afirmación exclusiva. Temos que dar un paso mais adiante. Este paso é de síntesis d'armonia; este paso é un paso para a outra vez o seo da humanidade. Porque suponho que ja vos teredes decatado, o nacionalismo non é, políticamente, separatista segun os seus principios mesmos filosóficos o nacionalismo frente a todo separatismo é unionista. Toda nación háchase comprendida no seo da humanidade. Mais antes de chegar a esta sua comprensión suprema, a esta sua organización suprema, organización (que eu presinto non só como política, senón como ideal), pode entrar n'outros enlaces unha nación por novos ataques podíamos decir históricos que á obrigan. Surde entón o nexo federativo e como as naciós se complementan na humanidade, comenza a sua complementación, históricamente necesaria nas federacíos. De maneira que a estridencia nacionalista resolve-se como un acorde disonante n'unha consonancia federalista. No caso concreto de que tratamos no caso de Galicia n'unha federación ibérica, mais grande, mais fecunda que esta unidade de forza (ja ben vella) que se chama o reino unido de Castela e Aragón feita no século XV polos Reis Católicos que mais val esquecer neste terra que eles asovalaran!

#### V Nazionalismo e arte

Por outra parte o nacionalismo sendo evolución é-o pol-o tanto de produción: é fonte da productividade estética. Supondo un home músico, d'alma música (e decer no senso anterior da nossa alma) facéde-lle traballar no arte contra de sua propia lei e individualidade, facéde-lle proceder épicamente (no noso senso). ¡Qué surdirá! Nada de valimento. Considerado agora un povo na sua totalidade; facéde-lle proceder por falla de cultura ou por outro motivo somellante, imitativamen-

te fora da sua persoalidade. ¡Qué surdirá? Obras de segundo orde. (Por desgracia temos tantas na nosa terra!). E por ésto, que a historia fala sempre en favor do artista que comprendeu o seu propio ser ou o artista de raza. Exemplos hai tantos que non teño tempo p'ra os citar. Constituin eles a historia do arte nos seus momentos capitales. Exponrei-vos sómente algúns contemporáneos é que todos coñecedes: Mistral hachou a alma de Provenza e escribiu en provenzal de maneira que foi según díxa en Francia o mellor do mellor. Ibsen tan lido e relido ja hoje, d'onde trai a sua fama mais que o descubrimento da alma noruega? Pode-se decer o mesmo do sueco Strindberg por desgracia tan pouco coñecido e traducido entre nós. E como derradeiro caso: Rabindranath Tagore o poeta mais universal d'os nosos días o admirado no mundo enteiro e grande entre os grandes: ¡Quén é? Un bengali e que escribe en bengali, unha nobre língua da India que cuase ningúen entende en Europa un bengali con toda sua alma que até non mira con mui bons ollo sas cousas d'Europa. E iste poeta chega ja na sua fama a ter un posto nas historias da filosofía (sobre d'él acaba de s'escribir un libro agora, que expón o seu pensamento filosófico) ¡Qué fixo Rabindranath? Descubriu a alma india, descubriu o seu propio ser e co'a forteza artística necesaria cantoun-a nos seus versos.

E o mesmo caño o tendes no nunca d'abondo admirado Castelao. El tamén é primeiro entre os pintores nosos, chegou ao fondo, na nosa alma e soubo darlle o contorno que lle facía falla. Craro que non abonda mirar, ollar e indagar fai falla ter talento, ter alma especial, ser poeta ou pintor. Mais tampoco esto abonda sen o outro. Castelao volveu sobre a sua raza e con un raro talento hachou un camiño. Mestre ja para os que venían quedara na nosa historia galega como un criador e como un modelo. Modelo p'ra todos outros: de esforzo traballo, procedimiento e energía p'ra desceren ao mais fondo da nosa alma galega.

## VI

**Saúdo aos artistas**

Eu que falo por primeira vez de arte na miña terra non quero deixar de saudar desde esta tribuna aos artistas galegos. Recibide pois o meu mais fraternal saudo: Pintores que poñedes sobor do lenzo a admirable policromía de Galicia, o verde de prados e boscos, o azul de rías e mares, o amarelo de tojos e nabals, o roxo das mais por min amadas flores, as queiroas, os grises azuados da noite e a chuvia d'ouro fecundante do día, as brétemas enmeigadoras; escultores arquitectos p'ra quen eu

pido un pouco mais d' amor as cousas da nosa arquitectura popular; poetas que extendedes no futuro ilimitado a fama do noso lirismo.

De vos todos, vaia cada un polo seu camiño, traballe cada un según seu ideal. E ista a maneira única de hacharmos o verdadeiro carreiro p'ra a criación, de mañá. Mais que entre todos nós, amantes do arte, exista una comunión ideal que faga a nosa obra fecunda, que faga que ningún esforzo se perda, que produza a juda p'ra o que comenza e p'ra o que traballa. E asin os esforzos de uns e outros, se entretecendo, chegaran a criar ben agaña unha escola galega.

Porque nunca houbo tanto artista de talento como hoje. E non me refiro sómente os que trunfaron ja e levaron o noso nome mais aló das fronteiras; refírome tamén aos que ainda comegan aos que debemos ajudar porque entre istos existen homes de gran valimento (eu estou certo) que serán o dia de

mañán precursores de novas vias p'ra o arte. Eu desde aquí co'a miña homillada precursores de novas vias p'ra loita, quixera dar-lles ánemo p'ra porriba de todas as contrariedades seguiren fiés ao seu temperamento; cultores no seu peito de todas as rebeldías d'artista.

Nunca a vida espiritual de Galicia latejou con tanta força, nunca houbo sinaes tan non enganosas d'unha definitiva renascença da nosa vida inteira, nunca vellos e mozos s'atoparon tan decididamente no ideal redentor da terra escrava. Non hai que deixar pasar a ocasión; hai que ir a ela con plena consciencia, hai que ir a ela no arte e en todo, hai que ir a ela co'a más grande ledicia! P'ra loitar, p'ra vencer, p'ra cun optimismo infinito facer sobre das ruinas da nosa Patria, a nova, inmensa, prodigiosa Galicia que mora nas saudades dos nosos peitos.

Si—poeta amigo—os tempos son chegados!

**Froitos da Asambleia de Santiago****Outro triunfo do Nazonalismo Galego****O espírito santo das «Irmandades» espállassa**

Os nazionalistas galegos conquerimos uno novo loureiro. O que non lograron endexamais nin catedráticos, nin políticos da nosa Terra, lográmol-o nós, en vintecatro horas.

Referímonos á Cadeira de Língua e Literatura galego-portuguesa, qu'ena de fonda xusticia eisistise na Universidá de Compostela e que levara a Madrid pra que aló fracassase o noxento e asoballadore centralismo, namentres se lle tiña dado á Universidá barcelonesa a Cadeira somellante de língua a Literatura catalano-provenzal.

En primeiro termo, este éxito que oxe rexistramos débeselles ós exemplares e meritorios rapaces da patriótica e santa «Mocedá Escolar Nazonalista» de Santiago. Pro eló foi froito indiscutible da II Asambleia nazonalista, obra das gloriosas e históricas «Irmandades da Fala».

Tódolos xornaes o reconoceron así, agás a laberca e perniciosa «Voz de Galicia» da Cruña, defensora dend'antigo de cantos cacicatos noxenetas e ruiños eisisten na Galicia. «A Voz de Galicia»—tan adulona e servil coma de cote, quer adicarles os loureiros da vitoria ó Lino Torre, i-o garcipretista Cotarelo.

E isto faceríamos escuchar de risa se non resultara aldraxante p'ra verdade honrada e p'ra xusticia reuta.

«A Voz» inda coída que estamos nos vellos tempos da moura escravidume mo-

ral da nosa Terra. Inda cré que os diputados son outra cousa que criados dos destritos que os elixen. Inda coída que ténselles que agradecere ós diputados o que faigan por atender as demandas dos seus eleutores. E vive moi trabucada. I-ha levar moitos disgustos. E finará—se non reitifica o seu criterio caxiil—por non ter outros leitores que os servos obligados ós oligarcas malditos do chán galego.


Coste, pois, que o nazonalismo galego, cada un dia mais forte, rexo e culto, gañou un novo loureiro que ha servir d'estímolo pr'ó conquertoamento doutros moitos.

Os que ven na nosa língua gloriosa, na língua do traballo e da arte enxebre—qu'é a nosa única arte propia—un perigo pr'ó porvir dos caciques e dos asoballadores da Pátria, rabeen canto queiran. Mais seípan qué a língua galega vai camiño de ter reconecemento oficial e que cada día somos mais a falala e cultivala.

E pola língua, soio pola língua chegaremos a impôr ó mundo unha civilización propia, afincada na nosa propia libertade e resellada co'a nosa i-alma propia. Pois de seguirmos no bárbaro esquecimento da língua nativa, axiña deixaríamos d'eisistire coma pobo no mundo, pra ficar reducidos ó xeito triste de territorio colonizábre.

Mocedá galega, Terra a Nosa I-adante...

PARADAS, por Castelao



—Yo le soy partidario de un regionalismo bien entendido.

—Eso es: cómo la caridad bien entendida... y luego?

# O Teatro Galego

## Temos que faguere o seu Catálogo

A todos cantos ó presente artigo lerán e más entenderen, saude.

Sabede qu'o Teatro Galégo xa non é unha esperanza, senón unha realidade.

Que como veriades n'isto mesmo boletín, poucos números fai, o ano pasado fixeronse na rexión cincoentía e tantas funcións teatrales galegas.

Que n'isas funcións estrenáronse moitas obras pensadas e más escritas en galego.

Qu'isto foi continuación do que xa fixera nos anos anteriores,

Que 'coma consecuencia d'ista campaña, o público apégase cada día más ó Teatro Galégo.

Que por igual xeito crece o número dos aficionados, homes e mulleres, que forman cadros decramatorios escrusivamente gallegas...

Que, seguindo por iste camiño adiante, non tardaremos moi tempo en ter verdadeiras compañías teatrales galegas.

Qua pra qu'isas compañías poídan formar os seus reportorios, fai falla catalogar, d'unha maneira o más completo posiblemente, as obras teatrales galegas.

E que pr'os verdadeiros galegos, ningunha cousa debe habere más grata que servire á Galicia, Nosa Nai e Sefiora.

Por todas istas razons, e outras más qu'andan ós trambullons na moleira de fondonos galegos enxebres:

Rogamos, pregamos e supricamos á todos cantos teñan noticia, referencia, lembranza, exemplar ou endiecio d'algúnha obra teatral galega, contribuan á formaceón do Catálogo de que trátase, mandándonos istes ouz algúns d'istos datos:

    Título da obra.  
    Nome do autore.

    Cras (drama, comedia,  
    xoyote, zarzuela, diálogo, monólogo, etc.)

    Número d'autos.

    Día do estreno.

    Lugar e povo onde s'estrenou.

    Acollemento que tivo.

    S'está emprentado ou non.

Os autores son os más obrigados a dar ista información, xa que pra lles é de más comenencia que pra miade o contreboire co seu granizo d'area.

O mestre Carré Aldao danos un bo avan-

ce pra ista labore, no seu gran libro "Literatura Gallega"; e non deixará, certamente, d'acordir agora con datos moi importantes.

Confiando en que poderé levar ó cumprimento esta obra que me porpuxen faguere co-axuda dos bós galegos, mándolle por adiante, a sincera manifestación da miña gratitud.

E ós qu'indá coiden que non somos homes d'erguere un Teatro propio, grande, forte, asoballador, recordareilles qu'un reloxeiro bracelónés, adicado as suas horas de vegera a escribir obrinhas teatrales, foi o que cimentou o Teatro Catalán, e que foi reaillar o Teatro Castelán obras que coma "Terra baixa", "A Nai", "O Misteco", "Mar e eu", e outras más, son hoxe conocidas non mundo entero.

Os que queiran axudarme n'ista labore patrioteica, derixirán a sua correspondencia ó meu domicilio (qu'ofrezolleas de curazón) na rúa de "Velázquez Moreno, núm. 47, principal, Vigo".

AVELINO RODRIGUEZ ELIAS

Prégase á todos os periódicos de Galicia que fáganse eco da idea esposta por Rodríguez Elias no anterior artigo, pra contreborear a más rápida recolleita dos datos qu'han servido pra conocer a verdadeira importancia do noso tesouro teatral.

## Divagacions

### A épica castelá e a lírica galega

Mentras que en Castela homes desconocidos pra nós facían o poema do Cid, os gallegos expresaban o seu pensamento nas estrofas dos cancioneiros e das Cantigas do Rei Sabio.

Pero a que predominaba era a nosa civilización. O noso senso íntimo fa polas terras adiante impondo os seus valores rexos e inmortaes. Nese mesmo poema do Cid o senso galego ten brilores propios. Sempre foi a nosa unha civilización con caracteres grossos que se fixo ver ben. Pudérонse rir das nosas cousas; pero nadie pudo negar que riñamos cousas nosas. E así, houbo quen dixo que a literatura da edade media de Galicia ten escasos interecementos. Sen duvida comparabana casas literaturas do Renacemento ou do século de ouro. Mais se a comparanza fixeranna coas literaturas do seu tempo veríana inxente.

O espírito noso lévanos os conqueridores galegos tanto como os literatos. No poema do Cid pasan os guerreiros galicianos, servindo o seu rei ca fidelidade conque Galicia sigue a León e a Castela, caladamente, sin aquellas arelas de ambición e de aventura que foron dote dos mesmos castelao.

"Al rey don Alfonso en San Fagunt lo [falló.]

Rey es de Castiella e rey es de León  
e de las Asturias bien a San Salvador,  
fasta dentro en Santi Yaguo de todo e se-  
ñor  
-ellos condes gallizanos a él tienen por se-  
ñor."

Denantes de que no poema se diga de onde é señor Alfonso VI faise unha numeración dos exercitos do rey:

"El rey Alfonso a priessa cavalgava,  
Cuemdes e podestades e muy grandes  
mesnadas.

Hantes de Carrión llevan grandes com-  
pañías.

Con el rey van leoneses e mesnadas galli-  
zianas..."

Vanse celebrar cortes en Toledo e o rey  
dirixe cartas os seus povos:

"Envia sus cartas pra León e a Santi Ya-  
guo,

a los portugueses e a gallizanos..."

En toda a vida de Galicia brila a fidelida-  
de. Nosoutros seguimos a os que están  
mais preto dos logares da conquista contra  
os mouros e que teñen o que hoxe chámase  
a hexemonia. E somentes unha hexemo-  
nia guerra, pois a hexemonia espiritual  
máñase na Galicia. E o mesmo que a hexe-  
monia que na guerra Europea tivo Francia.  
Os seus países invadidos, os seus maiores

esforzos de tudolos ordenes pra salvar a  
sua terra do estranxeiro dáballe dereito a  
tel-a dirección suprema.

Pero, ademais, Galicia é na Hestoria, sobre  
todo, un povo espiritual, de arelas in-  
telixentes e pensativas.

O Cid concédeelle toda a importancia que  
no seu tempo tiña a nosa rexón na vida na-  
cional.

"mios fijos sodes amos, cuando mis fi-  
lhas vos do;

[allá me levades las telas del corazón.

Que lo sepan en Gallizia e en Castiella e

[en León,  
con que riqueza enbio mios yernos amos

[a dos.]

Háchase, como se ve, a nosa atención  
na época da epopeya castelá. Parece  
que do Poema do Cid inxénuo, pasárase  
por Castela a más afoutas concepcións  
populares, de bela e suprema poesía.  
Non comprende un que a raza que ten  
o poema do Cid non fixese a epopeya  
de moito mais altas empresas suas que  
as do Cid: a empresa dos conquistadores.  
A o fin i-o cabo o Cid non é mais  
que un producto individual de Castela  
tan alleo ás empresas da nacionalidade  
que esta figura e os seus feitos

intradin a ida de España ao Norte de  
Africa, a Marrocos, que moitas xentes  
queren que sexa un ideal histórico de  
España, e qué debe serlo xa que todolos  
gobernantes de España mantén o  
exército da Nación no outro lado do  
Mediterráneo e a maioria dos partidos  
políticos sostien a necesidade do Protectorado  
alá. Ademais, alá foron os  
guerreiros de moitos grandes reises  
hispanos.

Pero o Cid non quixo ir a Marrocos.

"Allá dentro en Marruecos o las mez-  
quitas son,

que abram de mi salto quicab alguna

[noch ellos lo temen, ca non lo pienso yo:  
no los iré a buscar, en Valencia seré yo,  
ellos me darán parias con ayuda del

[Criador,  
que paguen a mí o a qui yo ovier sabor]

E un héroe de empresas íntimas que  
loita co conde de Barcelona príncipe  
cristiano, por certo vencendoo porque

"Ellos vienen cuesta yuso, e todos

[strahan calças;  
elas siellas coheras e las cinchas amoja-

[idas;  
nos cavalgaremos siellas gallegas, e hue-  
llas sobre calças]"

E logo rifa cos infantes de Carrión

seus xenros. As suas empresas non te-  
ñen unha tendencia nacional senón que  
surxen de arelas individuais.

Dispoidos dos feitos do Cid veñen aque-  
las outras grandes empresas da con-  
quistas de América. E a epopeya non  
canta a inxenta obra de Colón, Pizarro,  
ortés e Balboa. Da reconquista hai o  
poema do Cid que anque levemente déla  
ocupa. Pero o verdadeiro esforzo bar-  
ril, afonto de España, a conquista de  
América, non inspira os cantos nacio-  
nales. Por qué? Nós vimos falando da  
civilización galega que tiña sua perso-  
nalidade tanto nas letras como nas ar-  
mas. Nas letras somolos directores.  
Nas armas cumplimos fieles os nosos  
compromisos. Na industria damos en-  
tre cousas as «siellas» de guerra que  
sirven a Cid para trunfar na loita co  
conde de Barcelona, que trae as cin-  
chas floxas e as «siellas coheras». O Rei  
de Castela está orgulloso das suas ter-  
ras gallegas. O Cid quere que cheguen  
a Santiago e a Galicia as novas dos seus  
feitos.

Di Menéndez Pidal, e nós así o cre-  
mos, que o Poeme do Cid é da segunda  
metade do século XII. Nesa segunda  
metade os poetas galegos eran a mani-  
festación mais vigorosa do espírito gali-  
ciano. Aquel poeta crego que se chamou  
Ayras Núñez, escribia xa estóncos os  
seus poemas de amor e de filosofía que  
son os que mais se aparruñan co senso  
filosófico de Galicia. Ayras Núñez, cer-  
tamente un dos mellorres poetas galegos  
de todolos tempos facía na segunda  
metade do século XII aquel poema:

"Porque no mundo mengou a verdade  
Punhei un día de a ir buscar  
Eu por ela fui a preguntar  
Disseron todos: Albur la buscade,  
a de tal guisa se foi perder  
Que non podemos en novas aver,  
Ten ja non anda na irmáindade..."

Xa estóncos facía tempo que na ir-  
máindade non se hachaba o que Ayras  
Núñez, o gran crego de Santiago, andi-  
vo buscando. E pasaron cerca de oito  
seculos e ainda andamos todos buscan-  
do a verdade e non-a atopamos. E a  
única gran verdade que foi conclusión  
de todolos grandes períodos filosóficos.  
Que non se sabe nada. Que non se ha-  
ba a verdade. Que os homes rifan e  
rifan sin pôrse de acordo.

O humorismo e o filosofismo de este  
poema de Ayras Núñez son a síntesis  
do senso galego. Raza de filósofos que  
anda buscando a verdade non so polos  
conventos e mosteiros e polas pousadas  
e entre os romeiros que chegan a San-  
tiago, como facía o crego poeta, senón  
polas escolas e as academias, nos siste-  
mas e nas producções dos homes de ci-  
encia. E que porque sabe que non se ato-  
pa e que a búsqueda é inútil ríse de  
todo e de si mesma cunha risa boa, ma-

cia, lixeira; pero sigue buscando porque esa búsqueda é a vida e Galicia querer vivir de cote a vida chea, a pensante, a material.

Era baruda a nosa civilización da Edade Meia. Tan baruda que o lírico galego co as restantes manifestacións literarias de Galicia fixo trocar o espírito castelao. E así, o povo que fixo as «gestas» do Cid non foi capaz de facer logo a epopeya dos verdadeiros gloriosos feitos de sua raza.

Aquela literatura influira tanto no pensamento castelao que a personalidade de épica de Castela transformouse en unha personalidade lírica por obra dos poetas dos séculos XIII, XIV e XV e en personalidade novelesca por que o Amadis de Gaula meteu a Castela polos camiños de ese xénero literario.

De outra maneira non se podería explicar que o povo que veu grandeza no Cid non vise a grandeza dos verdadeiros héroes da Raza.

XAVIER MONTERO.

Madrid, Marzo 1920.

## “De Ruada”

Este notabre coro do que Rico i outros irmás d'Ourense nos tiñan feito grandes gabanzas ven percorrido en xeito trufal as principaes vilas galegas.

O mesmo dito coro que o coadro de decramación que ven na sua compañía, conqueriron en xusticia e conquirán inda mais moitos loureiros.

Gracias a «De Ruada» o gran saineteiro galego Xavier Prado (Lameiro) pode ter diante de tódolos públicos da nosa Terra a consagración dos seus merecimentos admirables.

¡Pra qué haxa parvos que digan que o galego, o «enxebre» non s'impón candé cousa boa...!

**Prégase a todolos leutores d'este boletín que teñan algún exemplar d'os números 1, 2, 27, 91, 92, 93, 99, 100 e 112 e non'o colecciónen, o manden a nosa Ademinstación donde fan falta pra compretar a colección.**

Lea vostede

**A Nosa Terra**

## Da cultura enxebre Cs valores nazonalistas no estranxeiro

Ph. Lebesgue, o notabre escritor e crítico francés, dille ó noso querido irmán Vicente Risco o seguinte: «La Revue de l'Epoque» publivera prochaimamente un premier article sur votre mouvement littéraire gallego... Je conte faire passer dans une Anthologie en préparation un poème de Cabanillas...»

Lebesgue, com'outros moitos críticos e literatos estranxeiros, len con garmosa atención canto fan os nazonalistas galegos.

Algúz nazonalistas galegos veñen xa escribindo en revistas estranxeiras tamén. I-eisi o noso feito nazonalista vai conquerindo valimento internazonal!

Séipanno es señoritíos cursis e valdeiros de miolo que inda, xuzgándose a si mesmos, teñen unha sorrisa d'imbeciles pr'ós nosos xeitos galeguizados. ¡Probes d'eles que inda non poden decatarse do valor histórico e transcendent do noso movemento fecundo e xurdio!

Pro vede como sin intermedio do castelán, as nosas outas figuras enxebres salvan as fornteiros da Pátria.

Cabanillas, que non ten escrito apenas unha liña en castelán, xa veu traducido os seus millores poemas o catalán, e agora verayos traducidos ó portugués e ó francés, sintíndose honorado o seu nome á veira dos de maior sona da literatura universal contemporánea.

Cabanillas, inda mais, recibe encargos de músicos de gran renome pra facer libreto de ópera en galego.

E en troques ¡a onde chega a sona los poetas galegos qu'escriben na língua de Castela, conforme ó dito de Villaespesa, pouco axeitada pr'a poesía?

Estes, de certo, moi perdido deben ter o instinto artístico, pra botar man l'un instrumento d'expresión ingrato, sendo donos dun maravilloso e sen somellante.

Vivir pra vere...

## Linares fracasou terriblemente na Habana

Eisi tíña que ser, e foi. Dixonolo un notabre xornaista que chegou agora de Cuba, e que non é galego. Díxno cantos galegos veñen da Habana. Díxno os grandes xornaes habaneros. Ademais ás colonias hispánicas da Illa Iles non gustaron certos xeitos de ridículo escepticismo do noso home.

Das conferencias (?) de Linares, nin un pequeno extracto pubrica a prensa da Gran Antilla. O Teatro Nacional achábase cuase valeiro as noites en que se facían obras do autor da estúpida «Casa da Troya».

Pois agora, xuzgaredes do seu mío polo que imos decir.

O título de «Un rato de charla con el Exmo. Sr. D. Manuel Linares Rivas», pubricóuse na revista «Galicia» da Habana, un artigo do noso querido correxionario Julio Sigüenza. Miller que un artigo, una intervención.

N'esta intervención dixo tantas parvadas o señor Linares Rivas, que comentábalas parecemos ridícolos.

En Cuba, coma n'outros moitos países, inda se ten un falso conceuto dos prestizos culturales. E tomar a Blasco Ibáñez por home capaz de falar algo con sustancia ideolóxica ou a Linares Rivas, é cousa que fai rir ás pedras.

Don Manoelino, nasceu en Madrid, leva chantado na i-alma o chulismo señoril da corte e está sempre en chistoso. Non fai outra cousa que chistes e verbas mordentes. Conece a Galicia com'un turista. O seu únecho merecemento consiste n'unha gran habilidade pra desenrolar fábulas teatrales e pra, pelando aquí e aló, facer do alleo temus que chama orixinaes.

O seu valor é o de comediógrafo. Pro de comediógrafo efeítista, falso, que dentro de poucos anos ningún lembrará nin pra ben nin pra mal. Trai asuntos á escea hispánola que xa son vellos en «París de Francia». Pro como España fica no mór atraso, o público comulgá con rodas de moño.

Falando da emigración, ocorriuselle dicir ó señor Linares qu'é beneficio pra España e pra Galicia. Que os emigrantes gallegos son propietarios dunha chea de terreos, cousa que non socede cos andaluces. E que si por seiren os homes, poidera haber falla de brazos, com'os sostituen as mulleres; ois todo compensado.

Logo afirma que non hai rexurdimento da literatura galega. Qu'en Galicia non se fala o galego, senón un moi cautivo castelán, e que ningún campesino da nosa Terra entende, si llo len, un libro en galego.

Asegura mais tarde que o teatro galego non ten vida nin pode téla.

E partidario somente dunha autonomía administrativa.

\*\*\*  
¿Vichedades parvadas mas imbeciles?  
¿Haberá analfabeto capaz de ceibalazpiores?

A emigración, pode ser un ben momentáneo. Pro causa de que Galicia non xúrdá revolucionariamente, rom-

## COUSAS DE NENOS?, por Castelao



—O que sinto eu é qu' algún que maltrató a miña mai morra denantes de qu' eu sexa h ome.

compre ó seu progreso, poi trocarse ao país que sexa capaz de sostener dez millóns d'habitantes. N'un Béxica do Atlántico.

Hon hai rexurdimento da literatura galega. ¡Non xurdira, entón, con Rosalía, Curros, etc.! ¡Pois si «xurdira» con eses nomes, como non ha «rexurdir» agora c'os Cabanillas, Taibo, Abente, Ribalta, Noriega, Xavier Prado e moitos mais que fan cousas milloras na nosa llagoa das que se teñen feito en castelán! Val mais «O Fidalgo», como obra teatral de raza, feita por un zapateiro, que tódal-as de Linares. Valen mais os sainetes enxebres de Xavier Prado, que tod'os comedíos do autor da comedia falsa «A Garra».

Non se fala o galego, en Galicia. ¡E logo que falan nas nosas montañas? ¡Sí, fose a elas o parvo Linares!

Que non entendan os campesinos a teatral d'un libro galego. E como nos entendan os que lle falamos, e lémpos en galego nos mitis e nas obras teatrais?

(Unha autonomía administrativa...)

Ten razón o irmán Siguezana: en Linares fala o senador, o senador caco-quil, ridícolo, qu' tivo que sero inscrito

nas listas do «Centro Gallego» da Habana nado en Madrid.

Esa si qu'é «comedia», a millor comedie de Linares! Velo ceibando tontorrias a xeito de declaracíos trascendentias.

Polo que respecta ó teatro galego, diciremos que poderá ter tanta vida com'o castelán, se querémos os galegos, conforme demostramos algunas veces.

¡Agora mesmo non está preferindo o público cruñés as cousas enxebres do coro «De Ruada» a todolos zarzuelós dos zarzueiros casteláns?

## Entre paréntesis

### SAUDADE

O «saudosismo» ven de «saudade». E qu'é «saudade»? Imos falar somentes da verba, pois achamos un documento curioso.

Don Adolfo de Castro, gaditano, aló polo ano 79 n'unhos estudos de bô decir e d'arcanidades da fala castelán, tratou d'espicar o orixe d'aquela verba. Coida que nasceu a mesma cando as primeiras conquistas de Portugal en África. Os soldados d'aquel tempo

qu'emprincipiaron a sentir o mal d'a ausenza da pátria, da dona, da noiva e dos fillos, por estaren á custodia da fortaleza de Ceuta, chamaron áquel mal o mal de «Ceudda»—trasformación da voz «Septa» feita polos berberiscos. E no fermoso libro de Herculano «O monxe de Cister», síntalase a mesma verba, reconociéndolle orixe hebreu.

A «Saudade», según don Adolfo de Castro, cícais poidera terse derivado de «Soedade», contracción de «Soledad», trocándose o ditongo «oo» en «au».

O certo, empóriso, deixando de man a custión d'estimoloxías, e que desde que as armas portuguesas interviron na conquista da illa da Madeira e na de Alcazarquivir, Arcila, Tánger, Cabo Verde e Azores, «saudade» foi a verba «a que significaban os seus delicados sentimentos entremedias d'aquelas grioriosas e ademirables ausenzas, os guerreiros da Lusitania. E a isto convén axeitármonos.

Conforme lembra o propio don Adolfo de Castro, Lope de Vega falou das «soledades tristes de su querida pren-

... E un poeta de Romanceiro, dixo: «Soledad que adige tanto i qué peche habrá que la sufra!».

Pero «Soledad»—adivirteuno o señor de Castro, com' o adivirtimos nós todos— non é «saudade», «saudade» é moito mais: a delor da soedá ou da lonxanía do ouxeto dos nosos amores; o pensamento que a soedade inspira. Un preconceuto filosófico d'aquela, que cístaiza de xeito esquisito e innatista o curazón todo lirismo da raza gallega curazón todo lirismo da raza gallega.

Xa Camoens chamara «saudosos» ós campos que rega o Mondego, no falante das melancolías amorosas da infeliz Inés de Castro.

«Saudade», pois, é tod'a temura dos nosos sentimento, a fé dos nosos espíritos, a forza das nosas vontades, tod'a arela das nosas espranzas raciaes. A verba crave da civilización en potenza d'un pobo con fonda persoalidade de seu...

A. VILLAR PONTE.

### Como en Irlanda

A insurrección d'Irlanda, é seria. Lemos novas d'ela con fondo interés.

Os rexos celtas da «Verde Erin», esnaquizaron, con lume i-esprosivos, co-renta oficiñas recaudadoras de tributos e algunas Aduanas.

A organización do movemento libertadore foi ben preparado. Todo mantívose segredo hasta a data mesma do erguimento armado.

Cando nos lembramos de que Alfonso Brañas, dixo:

«Como en Irlanda  
érguese e anda...!»

### “Donosiña”

Noso querido irmán Xaime Quintanilla, estrenou no Ferrol a sua traxedia d'amore n'un entroito e tres actos, nomeada «Donosiña».

Foi o estreno un grande e xusto éxito. «Donosiña» da que xa temos falado ós nosos leitores, é unha obra capaz de se poder comparare coas mais hábiles e fortes do teatro castelán.

Quintanilla co'ela probou que pode ser un dos meirandes dramaturgos da Iberia.

«Donosiña» ha recorrer en trunfo toda Galicia e ainda tamén trunfal ha salval-as fronteiras da nosa patria.

Oxe, sen tempo pra mais, contentámos con lle dare a embora cordialísima ó notabre escritor nazionalista.

### Postal de Madrid

#### Pr “A Nosa Terra”

Na Exposición d'Humoristas trunfou prenamente o arte galego.

Castelao, o admirable artista, per-

sentou «O cego vai de romaría», que é un cego i-o seu lazariño, c'un fundo de paisaxe verde. E un cadro prodixioso. O paisaxe do fundo da moita saudade da patria. E quizabes o cadro mais real e mais sincero de todolos que s'exponen.

Sobrino Buhigas ten tres evocazóns de casas galegas, tamén cheas de sprito celta.

Jaime Prada, Casares Mosquera, Xulio Prieto, Manoel Méndez, tran intresantes motivos da terra.

Ademais hai outros artistas como Ri-

bas, Bujados, Juan Luis, Fran o Castro-Gil, que inda non facendo arte esencialmente galego, deixan en bon lugar á terra onde nasceron.

Hai qu'ir amostrando a España os nosos verdadeiros valores na literatura e no arte—que son os verdadeiros valores d'eternidade— pra desfacer a creencia que teñen de nós eiquí. Orase: Xusgan polos políticos qu'exporta Galiza! Galiza exporta a Madrid moitos xatos e moitos políticos.

E.U.

## O DIPVZADO POR VEIRAMAR NOVELA DE GONZALO LÓPEZ ABENTE



Esta interesante e modernísima novela en idioma gallego, está posta a venda nas principales librería de Galicia.

**PRECIO 3 REAS**

### Compendio de Gramática Gallega

**PRECIO 2 REAS**

#### VÉNDENSE:

Na Cruxía . . .	Administración «A NOSA TERRA»	Maria Pita, II.
Ferrol . . .	IRMANDADE DA FALA.	
Lugo . . .	Librería de Comadira.	
	Id. id. Gerardo Castro.	
	Id. id. Viuda de Alonso.	
	Id. id. Angel Porto.	
Santiago . . .	Editorial «Eco de Santiago».	
Ourense . . .	Id. id. Viuda Pérez Resvie.	
Monforte . . .	Id. Antonio Fernández Piñeiro.	

Falso cárrego de todas  
cras de trabajos grá-  
ficos, en imprenta, lito-  
grafia e fotograbado;  
ansí como sellos de  
caucho

## A Papeleira Galega

BARREIRA, 7

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

FOTOGRAVADO

A CRUÑA

Telef. 434



## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE


Salida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos,  
Montevideo e Bos-Aires

*Aprosimadamente e salvo continxencias sairá do porto da CRUÑA o paquebot correlo francés de 10.000 toneladas*

*Admite pasaxeiros de primeira, segunda, segunda intermedia e terceira crase.*

*Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos Atres Pesetas 359'60  
Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:*

Sres. OYA GILARD e COMPAÑIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feixón, 2.—A CRUÑA



## Compañía Chargeurs Reunis

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, SANTOS,  
MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sairá da CRUÑA sobor do 19 de  
Abril, o lixeiro e magnífico vapor

### CEYLAN

de 10.000 toneladas

Admite pasaxeiros de cámara e 3.<sup>a</sup> cras.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 374'60

Nenos mais novos de dous años, un gratis por familia.

De dous a 10 años, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 años, pasaxe enteiro.

**NOTA INTERESANTE.**—As mulleres que levan nenos que non chegan aos 10 años, chawadas polos seus maridos, non poden embarcarem pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS-AIRES, permitíndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autorizacions, nin poderos dados ante os Cónsules hespániores.

As mulleres que se atopen n'estas condicions e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da sua familia.

O dia fixo da saida anunciaráse coa oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia cinco días antes da saida do vapor.

Para informes dirixirse aos Agentes Keneraes en Hespanha,

## "PATENTE-SALVAVIDAS,"

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganou Diproma de Hono-  
re, Gran premio e me-  
dalla d'ouro nas Expo-  
siciós de París  
e Londres.

### REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell (Vigo  
Coruña)

ANTONIO CONDE (Filhos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRUÑA

**EFEKTOS NAVALES**

— DE —

FERRER Y COMPAÑIA—SUCESORES

**F. BERTRAN e MIRAMBELL**

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina  
Militar, vapores, barcos de vela e pescadores**A FARTANZA**

— DE —

**CRISTINO P. REY****PROGRESO, 40.—A CRUÑA**

Esta casa e a que millores viños de Lágrima vende, así como de Valdeorras, licores e coñás.

Visitade esta casa e quedaredes satisfeitos.

**LA MODERNISTA****GRAN SALÓN DE BARBERÍA**

— DE —

**RAMOS E ACEA****San Andrés, 84-1.º — A CRUÑA**

Estabreimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todoi-os aparatoss higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, lociós e friciós de todas clases.

Nota: N'este estabreimento atopará o público un servizo permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

**LA SALUD**  
**CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazo)

**Materiales de Construcción**

CEMENTO ASLAND

MADEIRAS — CARBÓN

Centro Xeneral de Seguros

**Ignacio Pedregal**  
**NA CRUÑA****Gran H. Universal**

Rúa da Reina (da Raíña), 21 — LUGO

O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todoi-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece sur visitado

**Hotel Continental**

CASTELAR, 8 e OLROS, 28

O MELLOR SESVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**

A CRUÑA

**Frábica Mecánica****— de Calzado —**

— DE —

**ANXEL SENRA**

RUA XUAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

**FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**LOPEZ ABENTE**

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos astabreimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arredo ós derradeiros adiantos.

**Gran Café da Marina**

— DE —

**JOSÉ RODRÍGUEZ de VICENTE**

Urzáiz, 11

BAYONA

**COMPAGNIE GENERALE TRASATANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios direitos dende o porto da Cruña

El día 17 de Abril aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para a

Habana e Veracruz o rápido paquete correio

**Chicago**

Prezos do pasaxe (incruidolos impostos)

	Habana	Veracruz
Ponte paseo:		
Camarotes de luxo . . . . .	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. esteriores . . . . .	» 1.668'75	1.753'75
Primeira crase. . . . .		
Ponte superior:		
Camarotes esteriores . . . . .	» 1.498'75	1.593'75
Id. interiores . . . . .	» 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior . . . . .	» 1.293'75	1.378'75
Segunda crase. . . . .	» 1.103'75	1.088'75
Preferencia. . . . .	» 808'60	798'60
TERCEIRA CRASE. . . . .	» 328'60	343'60

O dia fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que deseñe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consignatario de que se lle reservou a praza.

Os emigrantes e todoi-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbior de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consignatario.



Prezos do pasaxe (incruidolos impostos)

Ponte paseo:	
Camarotes de luxo . . . . .	Ptas. 2.053'75
Id. esteriores . . . . .	» 1.668'75
Primeira crase. . . . .	
Ponte superior:	
Camarotes esteriores . . . . .	» 1.498'75
Id. interiores . . . . .	» 1.293'75
Ponte inferior . . . . .	» 1.293'75
Segunda crase. . . . .	» 1.103'75
Preferencia. . . . .	» 808'60
TERCEIRA CRASE. . . . .	» 328'60

D. NICANDRO FARÍÑA.—Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

# LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

Xuan Vázquez Pereiro

A mellor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua  
estreita de San Andrés.—A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todolos días  
unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes  
como sin darvos conta estades ledos e traballados sin sentir o  
mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse  
côs melhores productos i-a limpeza mais esquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDES VOS

## Os viños e coñas millores

Son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQO, de Xerez  
*Fronteira*, fundada en 1734. A casa más antigua de Xeréz.

## O vermouth mais selecto

de mundial e reconocido sona é o ZINZANO (*Torino*),


## Pra viños de mesa

non hay outros comós dos cosecheiros eisportadores Señores  
R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: *Pazo da Equitativa*.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

**JOSÉ C. JUNCOSA**

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A Cruña



## LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina  
polos acretados vapores-correios.

## GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saidas fixas-regulares da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás

Pra informes respecto a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute general da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

N<sup>o</sup> CRUÑA E VIGO

GRANDES TALLERES  
DE LAVADO E PLANCHADO  
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos estraes:

A Crux: Cantón Pequeno, 12  
Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursais na Cruña:

Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4  
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:

Circo, núm. 5

Todas as nosas sucursais ostentan no  
letrero como sinal, qu' se reproducen da  
marca de garantía aquí estampada.

Recibense encargos de fora, y es-  
píndense por medio das nosas sucursais.

Si no lugar onde vosende reside  
non-a-hay, sirvase manifestarnos seus  
desexos de mandárenos os seus enca-  
tregos.



## Leutores

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e  
que lle coste pouco dñeiro, que o faga na  
Xastrería de

Xosé Varela da Costa

Rua do Circo, 16.—VIGO